# Castro de Traxeito



Imaxe: **Refoxeiro**

Castro de forma alongada, cun lixeiro estrangulamento na coroa, na que se observan dúas elevación de norte a sur. A croa circular está rodeada por unha serie de terrazas, das que se conservan catro. Presenta afloramentos no centro e parapeto formado por grandes pedras, aínda visibles. Posible foxo cara ao norte, hoxe desaparecido, mais conservando algún muro de pedra. Os foxos foron cegados.

En prospeccións realizadas, localizouse cerámica castrexa e tégula galaico-romana nas fincas da contorna. A coroa ten unhas dimensión de 74 metros de norte a sur, e 59 metros de leste a oeste.

**INFORMACIÓN**

| | |
|---|---|
| **TIPOLOXÍA** | Arqueoloxía |
| **CRONOLOXÍA** | Idade do Ferro - Época Romana |
| **CONCELLO** | Dodro |
| **PARROQUIA** | San Xián de Laíño |
| **REFERENCIAS** | Sendeiros de Dodro<br>Patrimonio Galego<br>Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Dodro, aprobado o 27 de decembro de 2010 |

| **XEOLOCALIZACIÓN** | |
|---|---|
| **COORDENADAS** | 42.748694818857 , -8.7007356496085 |




* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.